

2. Cambio de titularidade da licencia de apertura: A tarifa será de 30 euros para as inocuas, 50 euros para as molestas. Se a transmisión ten lugar tras cinco anos do outorgamento da licencia, incrementarase nun 5% as tarifas anteriores por ano a partires do sexto.

3. Caso de que unha actividade inocua poida revelarse como molesta, insalubre, nociva e perigosa, previa tramitación do expediente dirixido a adoptar as medidas correctoras ou modificacións que procedan, liquidarase a tarifa que corresponda de conformidade con este artigo e o artigo 2.1 b) e c) desta ordeanza, caso de outorgarse licencia.

#### Artigo 7. Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible en tanto supón un beneficio para o interesado. A estes efectos considérase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licencia.

#### Art. 8.- Declaración.

1.- As persoas interesadas na obtención dunha licencia de actividade, presentarán no Rexistro Xeral do Concello a oportuna solicitude, acompañada dos datos, precisos sobor da actividade proposta, proxecto e certificados que requira, no seu caso, acerca da actividade ou do local no que se vai desenvolver, e incluso contrato de aluguer ou título de adquisición do local.

2. Calquera modificación obxectiva ou subxectiva para o desenrolo da actividade en cuestión, tenrán que poñerse en coñecemento da Administración Municipal co detalle e alcance que se esixa.

#### Art. 9.- Liquidación e ingreso.

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez dicada a resolución municipal que proceda respecto da licencia, practicarase a liquidación correspondente pola taxa, que se notificará ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais, utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recaudación.

2. De comunicar o solicitante, por escrito e entrada no rexistro deste Concello, o desistimento con anterioridade ao outorgamento da licencia, tomarase razón e arquivarase previa liquidación do importe que correspondería, ao paralizarse o expediente por causa a el imputable, sen prexuízo do cobro dos anuncios realizados na prensa e no BOP, por dita causa, ou outras taxas que se puideran devengar ao efecto.

#### Art. 10. - Infraccións e sancións

No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

#### Disposición adicional.

A non concesión da licencia de apertura, de proceder esta, no prazo previsto na normativa, non exime a Administración de resolver, segundo o preceptuado no artigo 42 da Lei 30/92, e liquidar a taxa que se devenge.

A taxa devengada pola licencia de actividade resulta independente das que se poidan esixir por outros motivos ou debidas a outras autorizacións que se precisen.

#### Disposición final.

A presente ordenanza deroga a aprobada sobre a mesma materia polo Pleno en sesión de 11 de novembro de 1998 (BOP nº 299, de 31/12/98), e entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexendo ata a súa modificación ou derogación expresa.

Meira, a 30 de agosto de 2006.- O ALCALDE-PRESIDENTE, ilexible.

R. 04140

#### Anuncio

De conformidade co artigo artigo 17.3 do RDLeq 2/2004, de 5 de marzo, por non se presentar reclamación algunha durante o período de exposición ao público, elevase a definitivo o acordo provisional adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 30 de maio de 2006, relativo a ORDEANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UBICACIÓN DE POSTOS, CASSETAS DE VENDA, BARRACAS E ATRACCIÓN CON OCASIÓN DA FEIRA NO CONCELLO DE MEIRA. Procédese a publicación do texto completo de dita ordeanza, entrando en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP.

#### ANEXO

#### ORDEANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UBICACIÓN DE POSTOS, CASSETAS DE VENDA, BARRACAS E ATRACCIÓN CON OCASIÓN DA FEIRA NO CONCELLO DE MEIRA.

#### Artigo 1. Fundamento e natureza.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade cos artigos 17 a 20 e 58 do RD.2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a presente taxa, que se rexerá pola presente ordenanza.

#### Artigo 2. Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa o beneficio obtido polo aproveitamento derivado da ocupación de terreos de uso público local con postos, casetas de venda, barracas e no seu caso, atraccións con ocasión da celebración da feira quinquenal para a que se esixe a obtención da correspondente autorización municipal, así como a actividade municipal, técnica e administrativa, derivada da tramitación dos expedientes.

Dita tramitación dirixese a comprobar que o titular reúne tódalas condicións precisas para desenvolver a actividade que pretende no posto que solicita, conforme a normativa vixente ou ordeanzas municipais.

2.- Aos efectos da presente ordenanza, a tramitación que dará lugar ao devengo da taxa será a comprendida

dende a iniciación do expediente a instancia de parte, ata o outorgamento da autorización para ocupar a superficie concedida os días feriadados.

#### Artigo 3. Suxeito pasivo.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten persoalmente ou a través de representación as reservas ou aproveitamentos indicados.

2.- Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que resulten do expediente como titulares dos aproveitamentos obtidos.

#### Artigo 4.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, no suposto e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 6. Cota Tributaria.

1. As tarifas para o aproveitamento indicado serán as seguintes:

##### a) Postos fixos:

- 8 euros m<sup>2</sup>/semestre.
- 15 euros m<sup>2</sup>/ano.

b) Postos puntuais: 1 euro m<sup>2</sup>/día, cun mínimo de 6 euros.

c) Postos de polvo: 0,30 euros/m<sup>2</sup>.

d) Cambio de ubicación do posto coa mesma superficie: 15 euros.

e) Cambio da titularidade da autorización: 15 euros.

f) Ampliación de posto: 15 euros, maila diferenza segundo os metros cuadrados solicitados a maiores dos concedidos.

#### Artigo 7. Devengo.

1. A tarifa a) devengarase segundo a modalidade escollida polo interesado:

- Tratándose de novos aproveitamentos: No momento de obter a autorización.

- Para aproveitamentos xa autorizados anteriormente, o primeiro día do período natural, entendéndose prorrogada a autorización, agás presentación de baixa nas oficinas do Concello.

2. A tarifa b) devengase no intre da ocupación puntual do dominio público con autorización do vixiante municipal.

4. As tarifas do apartado d), e), f) devenganse co iniciado da actividade municipal dirixida a obter a autorización polo interesado. A estes efectos considérase inicia-

da dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude instando ditos cambios.

#### Art. 8.- Declaración.

1.- As persoas interesadas en obter a ocupación de postos nos días feriadados presentarán no Rexistro Xeral do Concello a oportuna solicitude, xunto coa documentación que require a ordeanza reguladora da feira ou mercadillo municipal.

2. Coa presentación da solicitude deberá efectuarse polo interesado o ingreso que corresponda polo aproveitamento solicitado e/ ou actividade requerida, mediante autoliquidación, non tramitándose ata dito intre.

3. A baixa desistindo da autorización concedida so surtira efectos a partir do primeiro día do semestre seguinte, e previo recoñecemento polo órgano municipal competente. O interesado terá dereito a devolución do importe proporcional aos semestres deixados de aproveitar, excluíndo o actual, e que xa houbera depositado. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar abonando a taxa.

4. De igual xeito, prorratarase por semestres a taxa a devengar en atención a aquel en que se houbera obtido a concesión do posto, aínda que se solicite a modalidade de liquidación anual.

5. Admitíranse as solicitudes do día da feira achegadas polo vixilante municipal xunto coas cantidades recadadas en consecuencia, con carácter excepcional conforme preve a ordeanza reguladora da feira ou mercadillo municipal.

6. Calquera modificación obxetiva ou subxetiva para o desenrolo da ocupación en cuestión, terán que poñerse en coñecemento da Administración Municipal co detalle e alcance que se esixa.

#### Art. 9.- Liquidación e ingreso.

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez dictada a resolución municipal, de outorgarse o aproveitamento solicitado, aprobarase a liquidación previamente efectuada polo interesado. En caso de denegarse a autorización, os interesados poderán solicitar a devolución do importe depositado.

2. De comunicar o solicitante, por escrito e entrada no rexistro deste Concello, o desistimento con anterioridade ao outorgamento da autorización, dictarase arquivo do expediente, e liquidarase unicamente como custo de tramitación o 10% do importe que correspondería de outorgarse, en todo caso non inferior a 6 euros. O importe deberá ser depositado previamente xunto coa solicitude polo interesado para proceder ao arquivo.

#### Art. 10 .- Infraccións e sancións.

No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

#### Disposición adicional.

1. Atenderase no non previsto nesta ordeanza aos aspectos substantivos regulados na Ordeanza

Reguladora da Feira ou mercadillo municipal así como normativa concordante.

2. Estas taxas son independentes das que se poidan esixir por outros motivos ou autorizacións, así como das indemnizacións que se poidan ocasionar por desperfectos no dominio público.

Disposición final.

A presente ordenanza deroga a ordeanza reguladora da taxa por postos, casetas de venda, espectáculos... ou atraccións situados en terreos de uso público, aprobada polo Pleno en sesión de 11 de novembro de 1998 (BOP nº 299, de 31/12/98), e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2007, e unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, rexendo ata a súa modificación ou derogación expresa.

Meira, a 30 de agosto de 2006.- O ALCALDE-PRESIDENTE, ilexible.

R. 04141

OUROL

O Pleno do Concello de Oural, en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de setembro de 2006, aprobou o expediente de modificación de créditos do vixente orzamento municipal nº 13/2006 por un importe de SETENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA (72.250,00) euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e por remisión do artigo 177.2 do referido texto refundido, exponse ao público o referido expediente por un período de 15 días, a contar dende o seguinte á

inserción deste anuncio no BOP.

Neste período, os interesados, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións o expediente considerárase definitivamente aprobado.

Oural, a 1 de setembro de 2006.- O Alcalde, Guillermo Salgueiro Abad.

R. 04160

VILALBA

Edicto

Solicitando desta Alcaldía por MARIA DEL MAR LOPEZ RODRIGUEZ, licencia municipal para a apertura de LEGALIZACION DE ACTIVIDADE DA EXPLOTACION DE VACUN DE CARNE E AMPLIACION DA MESMA, a situar en CABANAMILLE - BELESAR cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo - que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Vilalba, a 4 de setembro de 2006.- O ALCALDE, ilexible.

R. 04194

**MINISTERIO DE ECONOMIA Y HACIENDA**

Secretaría General de Hacienda

Tribunal Económico-Administrativo Central

Tribunal Económico-Administrativo Regional de Galicia

Anuncio

La Secretaría del TEAR de Galicia, no pudiendo efectuar la oportuna entrega a domicilio, pone en conocimiento de los interesados que se indican, por medio del presente anuncio, el sentido del fallo de las resoluciones que se relacionan:

Reclamaciones en única instancia:

Reclamación	Reclamante	Concepto	Sentido
27/716/2002	Rubén Guillermo López Díaz	Proced. Recaudatorio	Desestimar
27/252/2003	Herederos: Méndez Maseda, Marina	Sucesiones	Estimar
27/300/2003	Construcciones Vilocha de Salvavdur, S.L. (César Álvarez Martínez)	IVA	Estimar
27/731/2003	Sonia Arias Iglesias y tres más	Sucesiones	Estimar
27/159/2004	Construcciones Vilocha de Salvavdur, S.L. (César Álvarez Martínez)	IVA	Estimar
27/282/2004	Elena Fernández Basadre	Renta	Desestimar